

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XANEIRO DE 1996.- -

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día oito de Xaneiro de mil novecentos noventa e séis; as sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1. ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o 29 de Decembro pasado.

### **2. OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras , salvo os dereitos de común e sen perxuízos de terceiros, os seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Angel Alonso Vietez**, con domicilio na Franqueirán (Ribadavia) para a adaptación dunha nave para taller de carpintería metálica; deberá cumprir o sinalado no artigo 16 punto 3 das NN.SS.P. respecto os ruidos " con unha atenuación global mínima para ruidos aéreos de 30 dbA". A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación . Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construccions, Instalacions e Obras deste licemcia , o cal importe é de 508.345 pesetas.

### **3. ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS.-**

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Don Angel Alonso Vietez**, veciño desta vila , con domicilio na Franqueiran, para o exercicio de actividade de taller de carpintería metálica; e vistos os informes que se achan no expediente, a Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda conceder a licencia correspondente para tal actividade, salvo os dereitos de propiedade e sen perxuízo de terceiros. O interesado fará aboamento no Concello da suma de 124.050 pesetas, en concepto de taxa por esta licencia, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de **Don Amando Canitrot Pérez**, veciño desta vila, con domicilio na rúa Carballiño 8 4ºB, no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito na rúa Ribeiro con patio posterior comunicado coa c/ Avia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello que dí: "A ubicación corresponde a área ZP/CHA, zona de protección do conxunto Histórico-Artístico.- Ordenanzas concurrentes aplicables, 4.0 Casco Histórico e 4.8 Conxunto Urbano en

conservación parcial do carácter.- Rúa Riberiro, alineación a establecida.- Altura B+3.- Fondo máximo 15 metros.- Rúa Avia B+2 con aliñación a estudar mantendo o ancho da rúa na súa embocadura que é de 7,00 metros.- Cuberta sin sobrepasar a cumbreira, os 3,50 metros sen quebros e pendente máxima do 30%. - Voo máximo 10% do ancho da rúa.- Condicións estéticas da fachada, remitírase o expediente a Comisión de Patrimonio".

Visto o escrito de **Don Amando Canitrot Pérez**, veciño desta vila, e con domicilio na rúa do Carballiño 8 4ºB, en representación de Don José Alonso Dávila, no que interesa información urbanística sobre rehabilitación da casa sita na rúa de Santiago nº 15, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a un informe emitido pola Comisión Provincial de Patrimonio que dí o seguinte:" 1) Non se presenta unha proposta de rehabilitación do edificio senón dunha nova edificación.-2) O informe da proposta presentado é negativo. Fíxanselle as seguintes condicións de edificación: a) Altura: baixo máis dúas plantas;b) Non se autoriza a construción dun ático;c) A cuberta morrerá nos aleiros e terá unha pendente máxima do 30%.Será a dúas augas;d)Utilizará cantería de granito de cor tostado na fachada principal.Queda prohibida a utilización de morteiros de cemento; poderá usar morteiros de cal tradicional ou morteiros bastardos;e) A cuberta de tella curva do país;f) As carpinterías exteriores de madeira pintada en branco,verde oscura etc...Non se autorizan carpinterías de aluminio lacado;g) As baixantes e canalóns serán de zinc uo cobre rematando as baixantes con protector de fundición. Prohíbense os materiais de plástico ou similares:h) Queda prohibida a colocación de calquer tipo de persianas. Pode utilizar contraventas de madeira".

#### **4. ESCRITOS OFICIAIS.-**

Do Goberno civil , comunicando resolución-sanción , expte 606/95.

Do Goberno civil, interesando ampliación datos sobre denuncias polo horario de peche, expte. infraccións administrativas.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente o mes de Decembro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ( Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal, por unanimidade, acorda fixa-lo prezo de posters e postales de promoción de "Ribadavia Viva" e "Barrio Xudeo" en 50 e 25 pesetas respectivamente; a devandita venda levarase a cabo na Oficina de Información Turística desta Vila.

Habendose advertido unha omisión na relación de traballadores do Concello cuio contrato era obxecto de prórroga pola Comisión Municipal de Goberno correspondente o día 29 de Decembro pasado, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda prorrogar o contrato a Don Antonio Miguez Amil nos mesmos termos do contrato actualmente vixente perante o exercicio económico de 1996, agás que se producira a cobertura regulamentaria das devanditas plazas antes do remate do ano.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello e o Centro de Estudos Medievais polo que se facilita unha persoa

para a atención de visitas guiadas no servizo de información turística do Concello para os meses de Outubro, Novembro e Decembro pasado.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder a Ramón Docampo Rodríguez unha gratificación de 12.000 pesetas, polos servizos de vigilancia e control nas feiras durante o ano 1995.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergue a sesión, estendéndose a presente, do que, coma Secretario accidental, certifico.